

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-------------------------|----------|---------------|
| 32008951 | IES Ramón Otero Pedrayo | Ourense | 2024/2025 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Psicoloxía | 2º Bac. | 4 | 116 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 13 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 13 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 14 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 14 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 15 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 16 |
| 7.2. Actividades complementarias | 17 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 17 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 18 |
| 9. Outros apartados | 18 |

1. Introducción

A materia supón unha introdución á psicoloxía científica. Iníciase coa historia da disciplina e as bases do método científico experimental e un achegamento a neuropsicoloxía como pilar da conducta/mente humana. A continuación se abre ás diferentes procesos ou facultades que constitúen a mente humana: dende os máis sinxelos (sensación, percepción, memoria) ata os máis complexos (intelixencia, aprendizaxe,...), para continuar con aspectos relativos á construción da personalidade e as súas psicopatoloxías. Finalmente, se abordan cuestións relativas á psicoloxía social. Todo isto se levará a cabo unha perspectiva aberta, holista e interdisciplinar.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---------|----|-------|-------|-------|-----|----|------|
| OBX1 - Entender e valorar a especificidade da Psicoloxía como saber científico e metodolóxico, diferenciando as súas facetas teórica e práctica, identificando as súas áreas de aplicación, e recoñecendo o seu carácter unitario entre a enorme variedade de intereses, teorías e escolas que a conforman desde as súas orixes, para xustificar a pertinencia do seu estudo á hora de dar conta da conduta e dos procesos mentais que nos caracterizan como individuos e como humanos. | 1-2 | | 1 | | 11-31 | 1 | | |
| OBX2 - Tomar conciencia das bases fisiolóxicas que posibilitan e determinan o noso comportamento e os nosos procesos mentais, e identificar os distintos niveis desa determinación (o xenético, o celular, o anatómico ou o químico) e as estruturas e funcións deses elementos fisiolóxicos, ademais de participar de xeito dialóxico, respectuoso e argumentado, en debates sobre as implicacións éticas, sociais e políticas do grao da dita determinación en temas como as diferenzas comportamentais entre sexos ou os avances tecnolóxicos na manipulación do xenoma, para afondar e entender con maior criterio o comportamento propio e o dos demais, e para formar unha opinión propia, reflexiva e fundamentada sobre temas que conforman o panorama de retos que nos presenta este século. | 1-2-3-5 | | 1-2-4 | 1-2-3 | 40 | 1-3 | 2 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-------|----|-------|----|-------------|-----|----|-------|
| OBX3 - Coñecer, distinguir e apreciar a importancia, para a nosa adaptación ao medio e para a supervivencia, dos procesos cognitivos básicos, percepción, atención e memoria, así como a súa interrelación no psiquismo humano, estudando os seus aspectos fundamentais para expresar, comprender e interpretar desde distintas fontes de información, de maneira científica, os ditos procesos que lle permitirán comprender as bases dos procesos psíquicos superiores, e ser quen de aplicar as consecuencias do estudo ás súas características persoais. | 1-2-3 | 3 | 1-2-4 | 1 | 20 | 1 | | 31-41 |
| OBX4 - Definir os procesos cognitivos superiores analizando que é a Psicoloxía cognitiva e, dentro desta, estudando a aprendizaxe, a intelixencia e o pensamento, para comprender como estes procesos nos permiten elaborar a información e acadar unha mellor adaptación ao contorno. | 1-2 | 1 | 1-2-4 | 1 | 40-50 | 1 | | |
| OBX5 - Comprender como a motivación, a afectividade e a personalidade, así como os diferentes trastornos e mesmo frustracións, contribúen a desenvolver, alterar e construír o ser humano, coa finalidade de tomar conciencia, con sentido crítico, das habilidades sociais necesarias para adquirir un posicionamento propio ante a realidade e os demais. | 1-5 | 1 | 2-4 | 1 | 11-12-20-31 | 2-3 | | |
| OBX6 - Comprender a perspectiva psicosocial do ser humano atendendo á articulación e interacción entre os procesos individuais e os procesos sociais, axudando a entender e explicar a importancia do contexto social no comportamento do ser humano, coa finalidade de aprender a pensar de maneira crítica sobre as condutas cotiás e valorando como nos vemos a nós mesmos e como afectamos e nos afectan nas relacións cos demais. | 5 | | 1-2-4 | 1 | 20-31-32 | 2-4 | 3 | |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | A psicoloxía como ciencia | Historia, métodos, problemas e contribución teórica e práctica da psicoloxía | 17 | 20 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | A psicoloxía como ciencia | como saber. | 17 | 20 | X | | |
| 2 | Fundamentos biolóxicos da psicoloxía | Introdución aos elementos biolóxicos da conduta humana: a neurobiopsicoloxía. | 17 | 19 | X | | |
| 3 | Procesos cognitivos básicos | Estudo da sensación, percepción, memoria e atención humana: a psicoloxía social. | 17 | 20 | | X | |
| 4 | Procesos cognitivos superiores | Estudo da intelixencia, afectividade e persoalidade. | 17 | 19 | | X | |
| 5 | A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade | Estudo da motivación, personalidade, psicopatoloxías e afectividade | 16 | 20 | | | X |
| 6 | Fundamentos sociais da conduta humana | Introdución aos fundamentos sociais da conduta. | 16 | 18 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------------|----------|
| 1 | A psicoloxía como ciencia | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA1.2 - Identificar a dimensión teórica e práctica da Psicoloxía, os seus obxectivos, as súas características e as súas ramas e técnicas de investigación relacionándoas, como ciencia multidisciplinar, con outras ciencias cuxo fin é a comprensión dos fenómenos humanos, como a filosofía, a bioloxía, a antropoloxía e a economía, entre outras. | Cuestionario tipo test, preguntas teóricas e texto | PE | 50 |
| CA1.1 - Entender e apreciar a especificidade e a importancia do coñecemento psicolóxico como ciencia que trata da conduta e dos procesos mentais do individuo, valorando que se trata dun saber e unha actitude que estimula a crítica, a autonomía, a investigación e a innovación. | Elaborar unha presentación ou traballo escrito sobre a evolución histórica da psicoloxía. | TI | 50 |
| CA1.3 - Recoñecer e expresar as achegas máis importantes da Psicoloxía, desde os seus inicios ata a actualidade, identificando os principais problemas formulados e as solucións achegadas polas correntes psicolóxicas contemporáneas, e realizando unha análise crítica de textos significativos e breves de contido psicolóxico, identificando as problemáticas formuladas e relacionándoas co estudado na unidade. | Facer unha síntese das principais achegas da psicoloxía partindo de textos de contido psicolóxico | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - O saber psicolóxico. - Obxecto propio da Psicoloxía. A Psicoloxía e outros saberes. - Facetas teórica e práctica da Psicoloxía, e áreas de aplicación. - Obxectivos que caracterizan a Psicoloxía. - O desenvolvemento histórico da Psicoloxía. - A Psicoloxía desde as súas orixes en Grecia ata o século XIX. - A constitución da Psicoloxía como ciencia desde finais do século XIX a principios do século XX. - As distintas teorías psicolóxicas. - Os métodos de investigación en Psicoloxía. - O método científico. - A descrición: observación naturalista, estudo de casos, enquisas. - A investigación correlacional. Correlación e causalidade. - O método experimental: variables, grupos e mostras. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------------------------|----------|
| 2 | Fundamentos biolóxicos da psicoloxía | 19 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA2.1 - Identificar as células neuronais, a súa estrutura e as funcións das súas partes, mediante esquemas e imaxes, apreciando o papel básico que o impulso neuroeléctrico desempeña como unidade fundamental da cal está composto todo proceso psicolóxico, e estimando o papel que xogan no mantemento do sistema neural as células glias. | Cuestionario tipo test, preguntas teóricas e texto | | |
| CA2.2 - Analizar e apreciar a importancia da organización do sistema nervioso central, fundamentalmente do encéfalo humano, recompilando información de fontes fiables, sintetizándoa de xeito rigoroso e producindo, de xeito colaborativo e co uso de ferramentas tecnolóxicas, distintos esquemas e traballos de investigación nos cales se distinguen as localizacións e as funcións das estruturas que o compoñen e determinan a conduta dos individuos. | Cuestionario tipo test, preguntas teóricas e texto | PE | 50 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA2.4 - Distinguir a importancia do sistema nervioso periférico como interface necesaria na comunicación entre o encéfalo e o resto do organismo, salientando o papel central do sistema nervioso autónomo na regulación automática e inconsciente das actividades vitais do organismo e dos cambios fisiolóxicos que acompañan os distintos estados emocionais. | Cuestionario tipo test, preguntas teóricas e texto | | |
| CA2.3 - Entender e valorar as técnicas actuais de investigación do cerebro e o seu impacto no avance científico acerca da explicación da conduta e na superación dalgúns trastornos e dalgunhas doenzas mentais. | Distingue e recoñece as diferentes técnicas de investigación cerebral | | |
| CA2.5 - Investigar e resumir a influencia dos distintos neurotransmisores sobre o cerebro, xunto coa relación que gardan os distintos órganos encefálicos co sistema endócrino, comparando así os modos distintivos que teñen as hormonas e os neurotransmisores de preparar o corpo para todo tipo de reaccións comportamentais. | Exposición interactiva na que se explicite a función dos neurotransmisores e do sistema endócrino. | TI | 50 |
| CA2.6 - Comprender e recoñecer algunhas das bases fisiolóxicas que determinan a conduta humana, mediante a participación nun debate onde se expoñan e analicen de xeito argumentado e crítico as posturas ao respecto das limitacións que estas bases (xenéticas, hormonais, e outras) imponen á liberdade humana en temas tan centrais na nosa visión do ser humano como as diferenzas comportamentais entre sexos, a identidade persoal, o uso de substancias psicoactivas ou a capacidade científico-técnica de alterar o xenoma humano. | Vídeo-cuestionario sobre o tema e posterior debate sobre o mesmo | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A neurona. - A estrutura da neurona. - O impulso neuroeléctrico e a sinapse. - As células gliais. - O sistema nervioso. - Estrutura do sistema nervioso central e función das distintas partes. - As novas técnicas de imaxe e os avances no coñecemento do encéfalo. - O sistema nervioso periférico. - A química da mente. - Os distintos neurotransmisores. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - O sistema endócrino: glándulas, hormonas e conduta. - Xenética e conduta. - O xenoma humano. - O estudo da influencia da xenética na conduta. - Enfermidades xenéticas con repercusións mentais e condutuais. - Implicacións sociais dos avances tecnolóxicos en xenética. - Bases fisiolóxicas das diferenzas condutuais entre sexos. - As diferenzas psicolóxicas transculturais. - O papel das hormonas. - O debate sobre as diferenzas na estrutura encefálica. - As teses da Psicoloxía evolucionista. - As críticas ao enfoque bioloxicista das diferenzas de xénero. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------------|----------|
| 3 | Procesos cognitivos básicos | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA3.3 - Distinguir e relacionar a atención e a percepción, así como coñecer e identificar os distintos tipos de atención e os trastornos asociados a ela, analizando os seus trazos fundamentais para poder aplicar o coñecido á nosa estrutura psíquica persoal. | Cuestionario tipo test, preguntas teóricas e texto | PE | 50 |
| CA3.4 - Relacionar a atención e a memoria e enunciado os principios básicos desta, a través de distintos rexistros sensoriais, analizándoa brevemente a través de distintas teorías e estudando os tipos de memoria e o esquecemento para aplicar o seu coñecemento ás nosas capacidades e poder melloralas. | Cuestionario tipo test, preguntas teóricas e texto | | |
| CA3.1 - Comprender, distinguir e relacionar a sensación e a percepción como procesos cognitivos básicos da información, e analizar en profundidade a percepción identificando a súa importancia para dar significado ao mundo exterior e interior do ser humano. | Vídeo-cuestionario sobre a sensación e a percepción e o papel relevante que teñen á hora de configurar un mundo con significado | TI | 50 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA3.2 - Apreciar na percepción a capacidade para xerar nas alumnas e nos alumnos un sentido estético de achegamento á realidade, e impulsar a súa creatividade artística. | Amosa que comprende e aprecia o carácter estético e creativo da percepción | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Sensación e percepción. Definición e relación. - Organización da percepción e constancias perceptivas. - A percepción de obxectos, do movemento e da profundidade. A Gestalt. - A percepción extrasensorial. As ilusións perceptivas. A percepción subliminar. - Percepción e atención. - Tipos de atención. - Trastornos da atención. - A memoria. Memoria e atención. - Rexistros sensoriais: visual, auditivo e táctil. - Breve aproximación ás teorías sobre a memoria. - A memoria como proceso psicolóxico: codificación, almacenamento e recuperación. - Tipos de memoria. - Memoria a curto prazo, memoria operativa e memoria a longo prazo. - Memoria episódica, semántica e procedemental. - O esquecemento: factores que interveñen. - Métodos para mellorar o recordo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------------------|----------|
| 4 | Procesos cognitivos superiores | 19 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA4.1 - Definir que son os procesos cognitivos superiores, incidindo na súa relación coas habilidades cognitivas. | Cuestionario tipo test, preguntas teóricas e texto | PE | 75 |
| CA4.2 - Explicar en que consiste a aprendizaxe, estudando os principais factores que inflúen nela e as teorías máis importantes. | Cuestionario tipo test, preguntas teóricas e texto | | |
| CA4.4 - Analizar o pensamento desde un punto de vista psicolóxico e explicar os seus tipos. | Vídeo-cuestionario sobre os tipos de pensamento e o papel que xoga cada un na vida dos seres humanos. Posterior debate sobre o tema. | | |
| CA4.3 - Explicar que é a intelixencia, explicando os modelos de intelixencia máis relevantes. | Preparación e exposición dun traballo sobre os modelos máis relevantes da intelixencia | TI | 25 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Definición de procesos cognitivos superiores. - As habilidades cognitivas. - A aprendizaxe. Factores que inflúen na aprendizaxe e teorías da aprendizaxe. - O condutismo e o condicionamento na publicidade, o cognitivismo, e o construtivismo. - Tipos de aprendizaxe. - A intelixencia. - Modelos de intelixencia. - Fases do desenvolvemento da intelixencia. - A medición da intelixencia e o coeficiente intelectual. - O pensamento. Características e tipos de pensamento segundo a Psicoloxía. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---|-----------------|
| 5 | A construción do ser humano. Motivación, personalidade e afectividade | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA5.1 - Explicar e valorar a importancia da motivación, a súa clasificación e a súa relación con outros procesos cognitivos, desenvolvendo os supostos teóricos que a explican, e analizando as deficiencias e os conflitos que no seu desenvolvemento conducen á frustración. | Cuestionario tipo test, preguntas teóricas e texto | PE | 50 |
| CA5.2 - Comprender que é a personalidade analizando as influencias xenéticas, ambientais e culturais sobre as cales se edifica, as teorías que a estudan e os factores motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a súa adecuada evolución en cada fase do seu desenvolvemento. | Cuestionario tipo test, preguntas teóricas e texto | | |
| CA5.3 - Entender a complexidade de definir que é un trastorno mental, describindo algúns dos factores xenéticos, ambientais e evolutivos implicados, co fin de comprender as perspectivas psicopatolóxicas e os seus métodos de estudo. | Preparación e exposición oral dun traballo sobre os trastornos mentais, e a repercusión que teñen na vida humana. | TI | 50 |
| CA5.4 - Recoñecer e valorar os tipos de afectos, así como a orixe dalgúns trastornos emocionais, co obxecto de espertar o interese do alumnado polo desenvolvemento persoal desta capacidade. | Vídeo-cuestionario sobre a importancia dos afectos na vida das persoas | | |
| CA5.5 - Coñecer a importancia que na maduración da persoa teñen as relacións afectivas e sexuais, e analizar criticamente os seus aspectos fundamentais. | Vídeo-cuestionario sobre o papel das relacións afectivas e sexuais e reflexión posterior en forma de debate sobre o tema | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A motivación. - Teorías sobre a motivación. - Motivación e logros no ámbito educativo e profesional. - A frustración e as súas causas. - A personalidade. - Teorías sobre a personalidade. - Fases da personalidade. - Métodos de avaliación da personalidade. - Consciencia e inconsciencia. - Identidade e autoestima. - Alteracións da consciencia e da personalidade. - Psicopatoloxía e trastornos da personalidade. - A afectividade. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Teorías sobre a afectividade. - As emocións e os trastornos. - Afectividade e sexualidade. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------------------------|-----------------|
| 6 | Fundamentos sociais da conduta humana | 18 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA6.3 - Coñecer os principios psicosociais do funcionamento dos grupos de analizar os estereotipos e os prexuízos, os estereotipos de xénero, o conflito, a cohesión e a polarización grupal, para comprender o nosos comportamentos e pensamentos na vida cotiá. | Cuestionario tipo test, preguntas teóricas e texto | PE | 50 |
| CA6.1 - Identificar, describir e explicar os procesos psicosociais que teñen lugar tanto no plano intrapsíquico como no interpersonal e no colectivo, que inflúen no que pensamos de nós mesmos e dos demais, das nosas actitudes e das atribucións que facemos sobre os demais, para comprender mellor a nosa identidade e a dos demais. | Vídeo-cuestionario sobre os procesos psicosociais indicados no criterio de avaliación e posterior debate sobre os mesmos | TI | 50 |
| CA6.2 - Determinar no eido interpersonal os factores psicosociais que inciden na conformidade e a obediencia á autoridade e dentro dos grupos, a atracción interpersonal, as condutas prosociais e antisociais dos individuos e dos grupos humanos, e levar a cabo esta determinación dun xeito colaborativo dentro da aula. | Vídeo-cuestionario sobre os factores psicosociais indicados no criterio de avaliación e posterior debate sobre os mesmos | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A cognición social. - O eu social: autoconcepto e identidade. - Percepción e atribución social. - Influencia social. - Conformidade e obediencia. Influencia do líder. - Impacto emocional das redes sociais. - Actitudes e cambio de actitudes. - Procesos de persuasión. |

Contidos

- Comportamento interpersonal.
- A atracción interpersonal.
- Comportamentos prosociais e antisociais.
- Relacións intergrupais.
- Estereotipos e prexuízos. Estereotipos de xénero.
- Conflito, cohesión e cooperación.
- Psicología dos grupos: a polarización grupal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Esta materia, polo seu carácter integrador no que se mesturan aspectos científicos con outros humanísticos e sociais, fórmulase como o camiño máis axeitado para estudar o ser humano e as súas manifestacións de xeito holístico. Non debe considerarse o estudo da Psicología no Bacharelato como un simple achegamento a posturas teóricas máis ou menos interesantes sobre a psique humana (e non humana) senón tamén como un medio polo cal o alumnado acceda ao seu propio coñecemento persoal, e a partir de aí, ao propio desenvolvemento das súas capacidades e aptitudes.

Por todo isto, o traballo na aula estará dirixido a conseguir que o alumnado desenvolva a súa capacidade de aprender a aprender, isto é, seleccionar contidos, analízalos, relacionalos e integralos criticamente. Trátase de que o alumnado poida construír individual ou colectivamente o seu coñecemento máis alá da simple memorización automática de contidos. Aínda que saber é tamén reter na memoria esta retención debe ser comprensiva, adquirida de xeito significativo mediante a interacción cos demais e en profundidade.

Por outra banda, o manexo da información teórica non é suficiente para a consecución dos obxectivos da materia, faise preciso o coñecemento e utilización dalgunha técnica propia da Psicología como ciencia, para que o alumnado poida facer prácticas e realizar experiencias que lle axuden a afianzar o aprendido.

O alumnado debe ser capaz de empregar diferentes fontes de información, dende a propia experiencia, pasando polos coñecementos que lle aportan outras disciplinas, así como os medios de comunicación, webs, libros, manuais, textos e documentos, polo que a metodoloxía activa e participativa faise imprescindible para conseguir este obxectivo.

O profesorado facilitará que o alumnado acceda a resolver problemas científicos, aprendendo a identificar as súas variables principais e a súa solución coherentes cos mesmos.

Ao inicio de cada unidade didáctica exponerse os instrumentos de avaliación a aplicar e a súa ponderación.

As actividades estarán sempre deseñadas e axustadas ás características do alumnado.

No caso de ter que realizar educación non presencial, empregárase a aula virtual àa foros, videoconferencias, entrega de tarefas e mensaxería.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Aula virtual |
| Biblioteca |
| Apuntamentos dixitais ou en papel |
| Videos e titoriais de apoio para a realización de traballos e tarefas |

| |
|-----------------------------|
| Bibliografía e webgrafía |
| Libro de texto, se procede. |

Contarase cun espazo dixital de traballo que permite organizar a información recompilada, así como as diferentes tarefas e exposicións interactivas do alumnado. Ao mesmo tempo permite ter enlaces directos das unidades didácticas e acceder ao repositorio de apuntamentos, enlaces e recursos dixitais de axuda para o desenvolvemento da materia, por iso o acceso á aula de informática é imprescindible para o desenvolvementos dos contidos. Terase en conta para o desenvolvemento da materia as actividades, plans, proxectos e programas nos que o centro participa, vinclados aos contidos da materia, fomentando o traballo dos elementos transversais.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras sesións do curso co fin de favorecer o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa.

Formularase como proba oral co fin de avaliar os coñecementos previos da materia e o nivel competencial do alumnado.

A proba oral axudaranos a determinar o grao de coñecemento dos contidos iniciais da materia: que é a psicoloxía? así como tamén para valorar a expresión oral do alumnado á hora de intervir na aula e facer exposicións orais, relevantes para os traballos que require a materia.

Permitirá axustar o proceso de ensino ás características que presenta o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 17 | 17 | 17 | 17 | 16 | 16 | 100 |
| Proba escrita | 50 | 50 | 50 | 75 | 50 | 50 | 54 |
| Táboa de indicadores | 50 | 50 | 50 | 25 | 50 | 50 | 46 |

Criterios de cualificación:

- A cualificación de cada avaliación parcial farase coas seguintes porcentaxes: até in 30% as actividades prácticas (exposicións orais, debates...).
- A partir de 75 centésimas se transforma a nota obtida en cada avaliación e no curso no número enteiro seguinte.
- Nos exames descontarase nota a partir de 10 faltas de ortografía: 0'05 por cada falta até un máximo do 20% da nota da proba.
- Copiar na proba de control escrita ou en calquera dos outros traballos é motivo de retirada do exame, anulación da nota do exame ou do traballo e falta disciplinaria leve. Igualmente cabe indicar que se o profesor ou profesora tivese dúbidas razoables acerca da licitude dos medios empregados por algún alumno ou alumna para obter unha determinada cualificación nun exame, poderá esixirlle no prazo dunha semana desde a entrega dos exames ou traballos corrixidos, que se someta a unha defensa oral da materia correspondente aos mesmos.
- A nota final será a media aritmética das notas das tres avaliacións tendo en conta que o cálculo desa media aritmética farase coa nota real (cos decimais obtidos) e non a partir dos números enteiros dos boletíns.
- Na convocatoria ordinaria de maio, o alumnado que teña unha ou dúas avaliacións suspensas cunha nota mínima de 3 pode aprobar directamente nesa convocatoria sempre que a media das tres avaliacións sexa de 5 ou máis puntos.

Criterios de recuperación:

- Na convocatoria ordinaria de maio, haberá recuperacións das avaliacións suspensas para todo o alumnado que o necesite.
- Finalmente, haberá unha convocatoria extraordinaria de xuño na que se realizará unha proba para todo o alumnado que estea suspenso na anterior convocatoria ordinaria de maio.
- Tanto na avaliación final ordinaria como na extraordinaria haberá a seguinte correspondencia entre as notas da proba e as do boletín: ás notas entre 5 e 7'49 correspóndelle un 5; ás notas entre 7'5 e 8'99, un 6, e ás notas entre 9 e 10, un 7.

6. Medidas de atención á diversidade

Non se pode fomentar un proceso de aprendizaxe ensinanza da filosofía sen individualizalo a cada alumnado. Neste sentido as medidas de atención a diversidade son actuacións, estratexias e / ou programas destinadas a proporcionar resposta ás necesidades educativas do alumnado (artigo 7 decreto 229/2011, da lei orgánica 2/2006 de 3 maio).

Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o departamento de orientación se desenvolveran as seguintes medidas no caso de ser precisas.

ORDINARIAS: Facilitan a adecuación do curriculum sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos Criterios de avaliación Dan resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe. Sinalamos as seguintes:

- 1) Adaptación da xestión da aula as características concretas da aual, favorecendo o acceso aos recursos e a convivencia.
- 2) Adecuación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- 3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- 4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
- 5) Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.
- 6) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.
- 7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

EXTRAORDINARIAS. Diseñadas para atender necesidade específicas de apoio que requiran modificacións significativas do curriculum ou supoñan unhamodificación organizativa ou ben do xeito de acceder ao curriculum ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que aí barreiras singificativas para conseguir os obxectivos da aprendizaxe axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, transtornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da (s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras).

(1) Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

(2) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

En colaboración co titor e o departamento de orientación se fara unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Na avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adaptan ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Propóránse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.

Proporáanse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos e alumnas. Así en cada unidade serán de elección unha serie de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, comics, videopresentacións, textos...)

Neste sentido para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Sempre coa finalidade de potenciar o espírito crítico, a autonomía do alumnado propios da filosofía. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxía ofreceráanse este tipo de reforzos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade | X | X | X | X | X | X |

Observacións:

A comprensión dun mesmo e dos outros, propias das ferramentas que a materia de psicoloxía contrúe, serán clave na contribución na consecución dos elementos transversais do currículo.

O traballo principalmente por proxectos e en grupos, favorecerá a educación emocional en valores democráticos, respectuos coa diversidade e consciente da discriminación (eurocentrismo, machismo, racismo...).

O uso de ferramentas dixitais e alfabetización no uso de buscadores en internet sern outro dos pilares da materia.

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|------------------------|--|----------|----------|----------|
| Charlas de orientación | Orientación sobre futuro profesional e académico | X | X | X |

Observacións:

Charlas de orientación que se impartirán ao longo do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo. |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. |
| 6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. |
| 9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final |

| |
|--|
| Metodoloxía empregada |
| 4. Adecuación da secuencia de traballo na aula. |
| 5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados |
| 7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. |
| 8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación |
| Medidas de atención á diversidade |
| 10. Adecuación do desenvolvementos dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado |

Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens dúas veces por avaliación, correspondendo coas dúas unidades didácticas que se desenvolven en cada unha, para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesión prevista por UD foron as suficientes e datas de inicio e final de cada UD
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

9. Outros apartados